



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/671/2012.- MANUEL VÁZQUEZ FERREIRO.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na Rúa Campo do Forno, 8.

LIC/1508/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Conceder a modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno da cidade na sesión 04 de outubro de 2012 (modificada na sesión da Xunta de Goberno da cidade do 10 de outubro de 2012), para restauración da fonte do claustro principal (claustro procesional) do Mosteiro de San Martiño Pinario.

LIC/1678/2012.- JESUSA MUJICO SALVADO.- Conceder a modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión 05 de decembro de 2012, para construción dunha vivenda unifamiliar en Lg. de Mourentan.

APERTURAS

LAP/346/2011.- INMOBILIARIA COMPOSTELA, SA.- Conceder autorización para modificación da licenza outorgada pola Xunta de Goberno da cidade na sesión 23 de agosto de 2012 para rehabilitación e ampliación dun edificio e apertura de hotel de 2 estrelas na Rúa Doutor Teixeiro, 4.

LEGALIZACIÓNS

LAP/161/2013.- ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.- Conceder autorización para legalización da nave (LIC/611/2013) xunto coas obras complementarias de adecuación ao cte (LIC/609/2013) e a actividade de ampliación de nave destinada a oficinas, garaxe e taller de calderería en Vía Edison, 60-62.

LIC/1467/2013.- ROCIO VÁZQUEZ VECINO.- Conceder autorización para legalización das modificacións realizadas respecto da licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa de San Paio do Monte, outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión 22 de decembro de 2009.

PARCELACIÓNS

LIC/1114/2013.- AURORA FERREIRO BECERRA.- Conceder licenza de parcelación en Lg. Marantes.

LIC/1553/2013.- OSCAR SEOANE GARCÍA.- Conceder licenza de parcelación en Lg. Do Barral.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1596/2013.- PUNTOS BAJO COSTE LAP/54/2013 (ampliación rede abastecemento) 8.720,76 €

LIC/1597/2013.- PUNTOS BAJO COSTE ...LAP/54/2013 (urbanización aperturas suministro combustible)17.679,75 €

LIC/1599/2013.- ANA MARÍA OTERO CASAL LIC/2239/2008 1.500 €.

LIC/1600/2013.- PUNTOS BAJO COSTELAP/54/2013 (urbanización para completar servizos urbanos)1.500 €.

LIC/1609/2013.- GUILLERMO SUÁREZ CALVELO LIC/2160/20033.564 €.

LIC/1610/2013.- SUSANA LODEIROS VÁZQUEZ LIC/1831/2011 (construción vivenda unifamiliar)1.000 €.

LIC/1611/2013.- SUSANA LODEIROS VÁZQUEZ LIC/1831/2011 (demolição edificación en ruínas)600 €.

LIC/1634/2013.- JOSÉ MANUEL LÓPEZ REY LIC/2625/2010600 €.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa a denegación de axuda de carácter social.

A proposta da concelleira de Benestar Social e á vista de que non se reúnen os requisitos para a concesión de axuda do Programa MAPIS, a XGL aprobou denegar unha axuda deste programa.

5.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da Área de Rehabilitación Integral do Casco Histórico, incluídas na 12ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago, con cargo á anualidade 2013.

A XGL aprobou a relación definitiva destas axudas para as vivendas da Área de Rehabilitación Integral do Casco Histórico, e que están incluídas na 12ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago de Compostela por un importe total de 86.949,35 €, dos que 49.474,17 € corresponden o Ministerio de Fomento e 37.475,18 € á aportación do IGVS.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da solicitude do pagamento da axuda para elementos especiais de madeira da Cidade Histórica á Comisión Executiva do Consorcio da Cidade de Santiago.

A XGL aprobou a proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible unha axuda para elementos especiais de madeira dunha vivenda da Cidade Histórica por un importe de 5.280 €.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á publicación na páxina Web do Concello dos procesos que se xestionan a través do artigo 9.3 do Regulamento de venda ambulante.

A XGL aprobou que os procesos que se xestionan a a través do artigo 9.3 do Regulamento de venda ambulante sexan publicados na páxina web do Concello, xestión que xa se viña facendo ata agora segundo a información aportada polo Servizo de Contratación pero que queda agora recollida neste acordo.

8.- Expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Á vista das propostas de diversas concellarías e das facturas conformadas, e dado que se tratan en todo caso de contratos menores que non requiren expediente de contratación previo, e unha vez visto o informe da Intervención municipal, a XGL aprobou o pago de ditas facturas por un importe de 177.413,73 €.

9.- Proposta da concelleira delegada de Infraestructuras e Desenvolvemento Sostible relativa á concesión da ampliación do prazo de execución das obras de reurbanización da rúa de San Pedro.

Con data 6 de novembro de 2013 a empresa que está a realizar as obras na rúa de San Pedro presenta un escrito no que solicita unha ampliación do prazo de execución das obras por diversos problemas: circunstancias xerais da rúa, aparición de zona de roca, chuvias, erros e incongruencias entre a información entregada polas empresas de servizos e o que se foron atopando. Emitido informe parcialmente favorable á petición da empresa con data 18 de novembro, no mesmo propónse como nova data de finalización das obras o 5 de febreiro de 2014.

10.- Proposta da concelleira delegada e do xefe do departamento de Xuventude relativa á aprobación da realización de dous concertos para a promoción dos grupos dos Locais Municipais de Música para a Mocidade de Compostela.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Xuventude de realizar dous concertos para a promoción de grupos locais municipais. Co obxecto de visibilizar o traballo dos novos grupos de música da cidade. Os grupos actuarán en dous concertos que se celebrarán na Sala Sónar os días 13 e 20 de decembro a partir das 22 horas, actuando dous grupos cada día.

O custo de esta actividade sera de 3.656,49 €, distribuídos da seguinte maneira:

Organización dos concertos: 2.000 €

Backline dos concertos: 1.355 €

Batería supletoria: 119,79 €

Reparto publicidade: 181,50 €

11.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización para a creación do Consello de Participación da Escola Infantil municipal das Fontiñas.

A XGL a proposta da concelleira de Educación aprobou autorizar a creación deste Consello unha vez que se recibiu no Concello a solicitude para a súa creación. Estará formado por un director/a, dous profesores, dous pais e nais, un persoal de administración e servizos e un representante municipal.

12.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar Social e Maiores, relativa á solicitude de subvención para o desenvolvemento do Programa Municipal de Acción Socioeducativa para a Inclusión Social.

A proposta da concelleira de Benestar aprobouse solicitar unha subvención a Deputación da Coruña para desenvolver o Programa Municipal de Acción Socioeducativa para a inclusión social por un importe de 45.000 €.

13.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar Social e Maiores relativa á solicitude dunha subvención para o desenvolvemento do programa ACTIVAMENTE.

A proposta da concelleira de Benestar aprobouse solicitar unha subvención á Deputación da Coruña para desenvolver ACTIVAMENTE, programa de envellecemento activo para persoas maiores para o ano 2014 por un importe de 3.000 €.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á resolución de controversia sobre as parcelas 20 e 29 do Proxecto de compensación do polígono 2 do SUP-3. Ponte Pedriña

Polo que respecta a estas dúas parcelas ao terse rexeitado expresamente a acción declarativa de dominio interposta por Estudio 5, fronte ao título de propiedade de Unión Hotelera Gallega S.A, corresponde ao Concello instar ao Rexistro da Propiedade a inscrición das correspondentes parcelas de reemprazo a favor de Unión Hotelera Gallega S.A.

15 a 63.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

64.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade para dar conta da resolución relativa á aprobación das normas que rexerán nas autorizacións de celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares.

A XGL aprobou as normas que rexerán as autorizacións de celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares e que se publicarán na páxina web do Concello para xeral coñecemento. Asemade, para facilitar a xestión das autorizacións que os particulares teñen que solicitar, a Concellaría de Mobilidade levará a cabo a elaboración duns impresos aos que poderán acceder os particulares, tanto nos Rexistros Municipais coma na web.

65.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar Social e Maiores para dar conta da resolución da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar referente a concesión de subvención para diversos programas.

Dase conta que a Dirección Xeral de Familia ven de notificar ao Concello de Santiago a concesión de diferentes axudas:

Comunidade Xitana: 50.000 €

Programa inmigrantes: 25.000 €

Programa Risga: 44.638,94 €

66.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, para dar conta das cantidades devengadas polo Concello de Santiago en concepto do servizo de axuda no fogar correspondente ao 3º trimestre do ano 2013.

O Concello de Santiago devengou por este servizo no último trimestre a cuantía de 71.594,26 € dos que 23.915,45 € son do mes de xullo, 22.943,52 € do de agosto e 24.735,29 € do de setembro.

URXENCIAS

1.- Liberación de cantidade e reaxuste de anualidades 2013,2014 e 2015 do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros de educación infantil e primaria.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á liquidación do transporte urbano 2013. (Transportes Mosquera SL).

3.- Concesión de subvencións para o fomento de actividades e do Movemento Asociativo de Mulleres ano 2013.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á autorización dunha licenza de autotaxi.

5.- Propostas da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa a diversas axudas de carácter social.

6.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa ao requerimento a unha empresa para que abone a diferenza de quilometraxe no contrato de subministro de varios vehículos e o su mantemento, mediante arrendamento (RENTING).

7.- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativa ao levantamento da suspensión cautelar da execución do contrato de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no concello.

8.- Adxudicación do aluguer de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico, Ensanche e igrexas das parroquias de Santiago durante o Nadal 2013.

9.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 30.305,05 euros.

10.- Recurso interposto por Francisco Reyes contra o acordo de aprobación dos pregos relativos á contratación do procedemento de adxudicación do servizo de redacción da revisión do PE 1.